

## Supervivientes do mar.

A arma que máis emprega o polbo para cazar é a vista. E os nudibranquios son moi conspicuos.

Demasiadas cores para sobrevivir, se non fose porque moitos son tóxicos. O seu refinado sistema de defensa chega ao punto de almacenar as sustancias velenosas ou urticantes dos animais que comen – como anémonas ou esponxas- e lanzalas despóis sobre os seus depredadores. Pero o polbo ten outros intereses.

Non é un animal moi activo na caza. Diante de peixes veloces nada pode facer, agás agardar que queden restos listos para os inxerir sen perseguilos. E nesa estratexia, a cotío convírtese en presa.

Para un cefalópodo, atoparse cun mero nunca é un bo augurio. Os depredadores percorren os fondos mariños na busca de alimento . É a lei. E o polbo ten que acatar. Non hai crueldade. Só é supervivencia. Outra norma é gardar o botín na gorida e non compartilo.

As redes tróficas están perfectamente axustadas e baseanse no ciclo da materia e o fluxo de enerxía, é dicir, en comer e ser comido.

Pero a comida hai que gañala, ou, como fan os máis pequenos, agardar polos restos que outros non queiran.

O mesmo acontece co espacio e os habitáculos. Cando un polbo conseguiu un grande plástico no que vivir, non ten amigos nin colabora cos seus conxéneres; defenderá ese espacio e á súa femia con todas as súas estratexias. Non ten mérito nin moralexa; non hai vontade nelo; é puro instinto.

Probablemente, nin sequera sexa un comportamento aprendido, senón inserto na información xenética da especie; na parte da información que constitúe unha adaptación máis eficaz ao medio, é dicir, a evitar aos depredadores, a gañar aos competidores e a dominar ás presas.

A proba de que as estratexias son eficaces e os comportamentos resultan adaptativos é que a especie existe. Os organismos que non estaban ben adaptados xa non están: desapareceron baixo a presión competitiva.

A selección natural é un xogo gobernado polo azar e a necesidade.

O que acontece é que o ser humano é trampulleiro e non respecta as regras do xogo.

Os restos dun peixe atrapado nas redes dunha almadraba caen ao fondo. Boa sorte para este polbo que andaba preto e aproveita este maná caído do ceo. Atopou comida sen necesidade de esforzo e loita.

Hoxe o azar fixo que sexa un supervivente. Outro día, a necesidade dun peixe pode facer que sexa unha presa.

A lei cúmprese; sempre.